

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE SETEMBRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e dous de setembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27/06/2011)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e sete de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre a designación dos días festivos locais para o ano 2012

Dáse conta da comunicación num. 1263 da Consellería de Traballo e Benestar na que solicitan a designación dos dous días festivos locais para o ano 2012.

Pola Presidencia proponse como é tradicional os mesmos días de anos anteriores: Santa Baia (10 de decembro) e o día do Patio (17 de setembro).

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE propón que se manteña o 10 de decembro (Santa Baia) e o día do Patio que se converta en itinerante, sumándose á proposta de TEGA, dado que a maioría das empresas non respectan ese día como festivo, sen prexuízo de que apoiarán a proposta de manter os días tradicionais se non se chega a un acordo.

Pola súa parte o Sr. Alvela de TEGA di que efectivamente viña solicitando que o día do Patio fose itinerante, aínda que sen moito éxito, pero que considera que cambiar algo que ven sendo tradicional pode levantar suspicacias, ao mesmo tempo que tería que debaterse unha proposta máis complexa, como que días se poderían considerar, o que levaría a un debate máis profundo.

Intervén de novo a voceira do PSdeG-PSOE e manifesta que unha proposta podería ser o día de martes de Entroido, para eliminar o debate tamén de que sexa rotativo por parroquias.

Posta a votación o Pleno, con 12 votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e TEGA e 1 abstención do BNG, acorda designar como festivos locais para o 2012 o día 10 e decembro (Santa Baia) e o 17 de setembro (día do Patio).

3º.- Acordo, se procede, sobre a solicitude ao ICO da liña de crédito para a cancelación de débedas da entidades locais con empresas e autónomos

Dáse conta do Real Decreto-Lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio a debedores hipotecarios, de control de gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa (BOE num. 161/11, do 7 de xullo).

Ao abeiro do establecido no artigo 4 e seguintes do citado R.D.L propónse:

Solicitar unha operación de endebedamento para facer fronte ás obrigas pendentes de pago cuxo cumprimento se pretende levar a cabo coa liña de crédito para a cancelación de débedas desta entidade local con autónomos e pequenas e medianas empresas, considerando así mesmo a antigüidade das certificacións e facturas dando cumprimento á orde de prelación establecido no artigo 5.2 do citado R.D.L, na selección das obrigas de pago obxecto de financiamento, e que se relacionan de seguido:

CIF/NIF (AUTÓNOMO/ EMPRESA)	NOMBRE Y APELLIDOS O RAZÓN SOCIAL (AUTÓNOMO/EMPRESA)	REFERENCIA FACTURA	IMPORTE FACTURA (IVA / IGIC INCLUIDO)
B63557706	Metal.Lics. Tordera S.L.U.	2011800006	52.654,39
B15012263	Maquinaria Agrícola del Noroeste S.L.	301100072	358,78
35305673Y	Mª Elvira Norat Deza	40	472,00
B15637820	Autocares Mougán S.L.	A-254	1.560,60
B85826832	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	5626201168000172	2.294,30
33267966F	José Carlos Barreiro García	A-70	767,00
33284283V	Mª Jesús Aldariz Rey	02	308,10
33284283V	Mª Jesús Aldariz Rey	03	222,99
33269991P	Jesús Rodríguez Mogo	06	850,00
78788968F	Rosa María Pérez Sande	06	190,00
B15499213	Portomédica S.L.	110406	36,69
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011036	349,13
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011037	273,05
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011041	4.425,00
33277986E	José Manuel Segade Martínez	214	1.869,12
33277986E	José Manuel Segade Martínez	221	1.272,04
33277986E	José Manuel Segade Martínez	220	121,54
J15106115	J. Gómez Souto y Otro S.C.	20	893,26
B15141492	Viuda de Parada y J Albela S.L.	129	85,80
B15481716	Construcciones Boqueixón S.L.	117	4.117,02
B15481716	Construcciones Boqueixón S.L.	116	1.742,51
B85826832	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	5626201168000136	2.077,06
B36307270	Coesco Deza S.L.	65	2.707,74
B36307270	Coesco Deza S.L.	66	2.945,25

B15781503	Maquicar Maquinaria S.L.	11/048	221,84
B15581473	Vidrieras Compostela S.L.	200	46,83
B15623887	Pazos y Vieiro S.L.	102/9	82,30
G15063043	Manuel Gamallo y Otro S.C.	19	714,51
G15063043	Manuel Gamallo y Otro S.C.	18	22,54
33213480P	Manuel Botana Granja	2011019	655,97
F15878648	Asvetrans S.Coop. Galega	2290	230,10
F15878648	Asvetrans S.Coop. Galega	2291	295,00
B70084413	Drogueria-Ferreteria El Sol S.L.	1110	141,31
A15379803	Sogama S.A.	2011/0517	6.787,18
A79206223	Suministros I. de Oficina S.A.	7170036502	257,95
A15469208	Artes Graficas Litonor S.A.	310093	442,50
A15469208	Artes Graficas Litonor S.A.	310046	510,00
A15469208	Artes Graficas Litonor S.A.	310097	509,76
B70180989	Compostela Digital S.L.	500	491,65
B15417561	Ulla Oil S.L.	31-1469	1.680,00
B15417561	Ulla Oil S.L.	31-1539	723,26
B15417561	Ulla Oil S.L.	31-1549	853,98
B15417561	Ulla Oil S.L.	31-1635	1.720,00
B15417561	Ulla Oil S.L.	31-2012	1.268,08
B15634694	Talleres y Repuestos Barco S.L.	060/11	202,89
B15703069	Sapa-Contenedores y Servicios S.L.	11/0191	644,54
B15114911	Maderas C. Lata S.L.	11-97	112,10
B15432453	Talleres San Fins S.L.	082/E11	452,39
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0124/E11	185,38
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0114/E11	218,43
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0120/E11	301,14
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0122/E11	522,66
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0121/E11	240,60
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0123/E11	281,90
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011088	31.633,84
76515079J	Juan Sanjurjo Pereira	090411	490,00
33295074K	Jesús Bouzón Alejandro	B-25	140,00
33277986E	José Manuel Segade Martínez	223	274,94
B15499213	Portomédica S.L.	110816	36,69
A58417346	Wolters Kluwer España S.A.	2010-47793	50,00
33213480P	Manuel Botana Granja	2011031	446,96
G28783991	Federación Española Municipios y Provincias	RECC/11-0268	150,00
G28783991	Federación Española Municipios y Provincias	RMB/11-0161	150,00
B15467962	COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	11/2110139	33,37
B15078892	Hércules de Ediciones S.L.	N11-1469	184,00
B15012263	Maquinaria Agrícola del Noroeste S.A.	1011000562	236,00
B15071152	Viajes Peillet S.L.	195	216,00
B15071152	Viajes Peillet S.L.	196	324,00
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0190/E11	311,48
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0189/E11	1.695,29
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0173/E11	383,43
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0157/E11	147,32
B15432453	Talleres San Fins S.L.	0188/E11	809,76
F15878648	Asvetrans S.Coop. Galega	2315	135,70
B15623887	Pazos y Vieiro S.L.	103/11	118,50

B15417561	Ulla Oil S.L.	21-647	1.845,86
B15417561	Ulla Oil S.L.	31-2286	769,50
B15417561	Ulla Oil S.L.	31-2472	1.065,33
B15360712	G.S.T. S.L.	A11/141	383,32
B15581473	Vidrieras Compostela S.L.	406	62,63
B36347532	Neumaticos Fuentes Barreiro S.L.	251	231,99
B70084413	Drogueria-Ferreteria El Sol S.L.	1175	49,20
B15519697	Reparaciones Sinde S.L.	015/11	405,21
B15703069	Sapa-Contenedores y Servicios S.L.	11/299	667,44
Q1518001A	Universidad de Santiago de Compostela	2011.7065S178	275,00
33252829G	Severo Carrillo Domínguez	F-002/2011	71,50
33252829G	Severo Carrillo Domínguez	F-003/2011	60,00
33252829G	Severo Carrillo Domínguez	F-005/2011	52,50
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011120	1.766,27
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011121	2.033,64
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011122	1.276,05
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011123	1.951,25
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011124	1.642,60
B15457575	Electricidad Cruceiro S.L.	2011125	2.025,58
B36307270	Coesco Deza S.L.	137	3.193,87
		TOTAL	161.206,18

O Sr. Lema do PP di que é unha proposta técnica, e que non hai moito máis que dicir que existe unha serie de provedores do concello, cos que se está en débeda, que se corresponden con facturas anteriores ao 30/04/2011 e que é unha posibilidade que dá a administración, a través do Instituto de Crédito Oficial de financiar esta débeda e poder pagarlle aos provedores, alongando así o período para financeiraa.

Di tamén que é bastante beneficioso porque entre outros motivos algún acreedor ten dereito a cobrar intereses de demora, que serían superiores aos intereses que habería que pagar por esta liña de financiamento.

O Sr. Pose do BNG solicita que no citado listado figure cales deses provedores solicitaron o pago de intereses.

O pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Acordo, se procede, sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de ludoteca municipal

Dáse conta da seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 22, reguladora da taxa pola prestación do servizo de ludoteca municipal, que afecta aos seguintes artigos:

“Artigo 7.- Bonificacións

7.1.- Gozarán dunha bonificación total nas taxas os casos de emerxencia social acreditados polos servizos sociais do concello.

7.2.- Gozarán dunha bonificación do 90% da taxa a unidade familiar que non supere o IPREM, do 60% a que non supere o 1,5% do IPREM e do 25% a que non supere o 2,5 do IPREM.

Para acreditarlo é necesario presentar a documentación fiscal e laboral xustificativa (nóminas, declaración xurada de ingresos e patrimonio, última declaración do IRPF ou certificación negativa de non estar obrigado/a a presentala, etc)

7.3.- Así mesmo gozarán dunha bonificación do 25% da taxa os membros da familia numerosa categoría xeral e de un 40% da taxa os membros de familias numerosas categoría especial que se acreditará debidamente co título de familia numerosa.

7.4.- Gozarán dunha bonificación do 25% as familias monoparentais que acrediten separación legal ou viuvez. Esta bonificación aplicarase sempre que non superen o 1,5% do IPREM.

7.5.- Gozará dunha bonificación do 25% o segundo irmá/n inscrito.

7.6.- As bonificacións son de carácter acumulativo.

As persoas interesadas en beneficiarse destas bonificacións deberán solicitalo achegando a correspondente documentación. Estes documentos entregaranse ao realizar a inscrición e poderán ser requiridos polo concello sempre que o considere oportuno.”

“*Artigo 10.-* O depósito do prezo esixirase mensualmente, sen que haxa dereito de devolución algunha, nin a redución en caso de renuncia”

“*Artigo 11.-* A inscrición pode formalizarse para unha das seguintes modalidades:

*Dende o 1 de setembro ao 30 de xuño (curso escolar).

*Dende o 1 de xullo ao 31 de agosto do mesmo ano (verán).

*Bonos de 15 entradas que terán que utilizarse obrigatoriamente no ano en curso.

A inscrición dá dereito a utilizar os servizos da ludoteca municipal polo tempo de duración da modalidade elixida”

“ANEXO.TARIFA:

A cota a abonar dependerá da data de iniciación da prestación do servizo de ludoteca:

Tarifa A: Ludoteca curso (todos os meses agás xullo e agosto)

FRECUENCIA	PREZO
1 día/semana	12,00 euros/mes
2 días/semana	24,00 euros/mes
3 días/semana	30,00 euros/mes
4-5 días/semana	35,00 euros/mes
Días soltos	4,00 euros/día

Tarifa B: Ludoteca de verán (xullo e agosto)

1 mes	75,00 euros
2 meses	125,00 euros
Días soltos	4,00 euros/día

Tarifa C: Bonos de 15 entradas: 60,00 euros que poderán utilizarse ao longo dun ano natural.

Usuarios de bus: 15,00 euros/mes.

Estes prezos quedarán suxeitos a actualización cada dous anos, segundo o IPC”

2º.- Darlle ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Sr. Lema do PP expón que o servizo tiña un déficit importantísimo, cuns gastos de máis de 50.000 euros e só se recadaba 5800 euros, o que significa que só se cubría o 11% do custo, co que realmente as taxas non se corresponden coa realidade e sostibilidade deste servizo público que ten un compoñente social pero só para determinados usuarios.

Di tamén que coas novas tarifas as familias que non poidan pagar van ter dereito a exención, procedendo de seguido á lectura do artigo 7 da ordenanza, que establece as bonificacións, facendo fincapé que terán dereito a unha bonificación do 100% as familias en situación de emerxencia social e unha bonificación do 90% para as familias que non superen o IPREM.

Ademais sinala que se modifican os artigos 10 e 11 de ordenanza que afectan a cambios organizativos.

En canto ao incremento das taxas di que aínda que en termos de porcentaxe semella unha subida elevada, o servizo ten moito déficit e que as familias que non poidan asumir as taxas van ter dereito a bonificación e as familias con recursos entende que teñen que colaborar no financiamento do mesmo.

Expón tamén que o servizo de ludoteca é un proxecto educativo de calidade, que representa un beneficio importante para os seus usuarios e que os prezos que se propoñen son semellantes aos que aplican os concellos de entorno, incluso con melloras con respecto ás bonificacións e ao transporte, polo tanto supón un paso adiante para mellorar a equidade deste servizo que presta o concello, moi importante para as familias, e aínda así o concello ten que facerse cargo dunha porcentaxe moi alta do seu custo.

A Presidencia intervén e sinala que o concello ten que seguir facéndose cargo dunha porcentaxe entre o 60-70% e que o usuario que máis teña que pagar serán 35,00 euros ao mes por tres horas diarias (de 17:00- 20:00 horas) durante o curso escolar.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE expón que coñece as bondades deste servizo que o seu grupo puxo en marcha dende hai tempo, que foi pioneiro na comarca e máis alá, que se mantivo dando un servizo de calidade cun proxecto educativo moi sólido, e que se consolidou cunha boa xestión.

Sinala tamén que efectivamente é un servizo con déficit, e así no ano 2008 aprobouse unha revisión das taxas, que sen embargo non chegou a cubrir o 13% do seu custo total, e que se ben na Xunta de Voceiros se informou que coas novas tarifas se pretendía recadar o 50% do custo, coas bonificacións que se pretenden entende que non se cubrirá nin o 40%, o que ven a contradicir a necesidade de incremento.

Tamén manifesta que xera nela dous sentidos encontrados, xa que por un lado é consciente de que é un servizo fundamental que hai que manter por encima de todo, básico para as familias para a conciliación da súa vida laboral e familiar, pero por outro lado facendo memoria esta subida é contraria a posición do PP nestes anos, recordando a moción presentada no ano 2009 na que se solicitaba a conxelación das taxas e impostos municipais de cara

ao ano 2010, preguntándolle: que cambiou dende aquela? A crise non, e a economía das familias si, pero para peor.

Quere deixar constancia de que o seu grupo non se opón a unha revisión das taxas, nin deste servizo nin doutro, pero que antes de facer unha modificación puntual, única e exclusiva, teríase que abordar dende unha perspectiva global, de xeito que primeiramente se elabore un plan económico-financeiro, que se expoña aos grupos da oposición, para ver cales servizos son susceptibles de ser revisados na súa imposición, e valorar cales poden considerarse un luxo para o concello.

Di ademais que respecto do plan económico-financeiro deberíalle ser doado de facer, porque na moción antes citada o PP sinalaba que non tiña ningún inconveniente en presentalo.

Para rematar a súa intervención di que en definitiva que o seu grupo non se opón a facer esta revisión, pero sempre dende unha perspectiva global e dándolle prioridade aos servizos que son de apoio social ás familias.

A Presidencia expón que efectivamente o equipo de goberno traerá ao pleno a revisión das ordenanzas das taxas e impostos.

O Sr. Pose do BNG expón que o PP non pode levar no seu programa electoral un incremento dos servizos sociais e logo presentar esta subida da taxa por ludoteca, porque para el os compromisos están para cumprir.

Ademais sinala que con este incremento das taxas se pode chegar a recadar uns 10.000 euros máis, cando ollando as actas das xuntas de goberno dende a toma de posesión da nova corporación elimináronse sancións urbanísticas por importe de 4.000 euros, sen entrar a valorar a que persoas se lle eliminaron, xente que se “cachondea” da legalidade, o que non lle parece serio.

Por último di que se sae adiante esta modificación será co voto de TEGA, e que non serve a abstención.

O Sr. Alvela de TEGA expón que nunha exposición cargada de lóxica e de razóns, no sentido de que a ludoteca cun gasto de 50.000 euros e recadando só 5000, é dicir, case gratuíto, e que o momento é outro e polo tanto as cuestións tamén son outras, polo que está de acordo en apoiar esta e outras medidas anunciadas pola Alcaldía polo principio de equidade como ben dixo o voceiro do PP.

Dona Lucía González insiste en que debía facerse dende unha perspectiva global e non comezar por un servizo social, básico e fundamental no concello, e recorda os golpes de peito do Sr. Alvela cando se falaba de subir impostos ou taxas.

O Sr. Alvela di que naqueles momentos non había un déficit de 500.000 euros nin facturas pendentes de pagar dende abril, polo que é lóxico reconducir esta situación.

Posta a votación a citada modificación apróbase con 7 votos a favor do PP e TEGA e 6 votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

5º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2010

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2010, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facen-

das Locais, e na Orde de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:

A.- BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	PASIVO
5.181.309,12	5.181.309,12

B.- CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS AÑO 2010	3.858.286,41
INGRESOS ANOS ANTERIORES	404,00
GASTOS AÑO 2010	3.128.421,63
GASTOS ANOS ANTERIORES	70.735,17
RESULTADO TOTAL (AFORRO)	659.533,61

C.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2010	4.179.613,04
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2010	- 4.698.958,09
DIFERENZA: RESULTADO DO EXERCICIO	- 519.345,05
GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	0,00
RESULTADO AXUSTADO (DEFICIT)	- 519.345,05

Quedando ao final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	172.201,33
ACREDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	747.245,22

D.- ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	52.340,02
ACREDORES PENDENTES DE PAGO	1.200,00

E.- COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F.- ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
CAIXA	3.022,19	77.002,82	79.703,26	321,75
BANCOS	205.884,36	5.743.757,61	5.873.203,50	76.438,47
S/SAÍDA	0,00	3.091.983,00	3.091.983,00	0,00

TOTAL	208,906,55	8.912.743,43	9.044.889,76	76.760,22
-------	------------	--------------	--------------	-----------

G.- ESTADO DA DÉBEDA

Negativo

H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2010 (NETOS)	232.467,11
- ACREEDORES PTES. PAGO A 31/12/2010 (NETOS)	841.194,43
+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2010	76.760,22
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	- 531.967,10
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	0,00
SALDOS DE DUDOSO COBRO	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-531.967,10

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral
- Investimentos destinados ao uso xeral
- Inmobilizacións materiais e inmateriais
- Endebedamento
- Operacións non presupostarias
- Balance de comprobación
- Estado de modificación de Créditos
- Estado de gastos con financiamento afectada
- Estado de situación e Movemento de valores
- Relación Nominal de debedores e acredores

Dáse conta tamén que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións .

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada conta.

6º.- Acordo, se procede, sobre designación de representantes do concello na Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade.

De seguido dáse conta da comunicación da Fegamp solicitando a designación dun vogal titular e outro suplente para actuar como representante do concello na Asemblea Xeral da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade.

Pola Presidencia proponse designar a dona Margarita Devesa como vogal titular e a don Enrique Vázquez como suplente

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE felicita aos elixidos e di que van apoiar a proposta e sobre todo anunciarlle á concelleira de Medio Ambiente, dona Margarita Devesa, a que tire de todo o aproveitamento posible das oportunidades que supón ter representación non só na asemblea, senón de toda a información que poida chegar para ir incrementando o seu coñecemento na área e poida facer unha boa defensa do noso espazo natural do concello de Vedra.

A Presidencia agradécelle as palabras á voceira do PSdeG-PSOE.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, aproba a citada proposta

7º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a restitución de axudas aos concellos en materia de normalización lingüística

Declárase a urxencia deste punto que se aproba por unanimidade

A continuación dáse conta da moción presentada polo BNG na que expón que mediante unha Orde ditada pola Consellería de Educación o pasado 7 deste mes, procedeu a eliminar as axudas dirixidas aos concellos en materia de normalización lingüística, que viñan concedendo dende hai anos e que permitían que algúns concellos contasen con servizos de normalización lingüística ou desenvolvesen actividades de promoción e dinamización do galego, o que supón a desaparición dos citados servizos e a eliminación de numerosos postos de traballo de técnicas e técnicos municipais de normalización, incumpríndose deste xeito os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

Po iso solicitan a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Restituír, con carácter de urxencia, as axudas destinadas aos concellos en materia de normalización lingüística, baixo os seguintes criterios:

A.- Resolución urxente das axudas a fin de que cada concello coñeza o importe e poida planificar as súas actuacións.

B.- As axudas daranlle prioridade á creación, mantemento e estabilidade dos Servizos Municipais de Normalización Lingüística.

C.- As axudas contribuirán ao financiamento das accións normalizadoras durante a totalidade do ano.

D.- Que todos os concellos, con independencia da súa poboación, poidan acceder ás axudas, sen prexuízo da promoción de servizos “comarcalizados” a través da agrupación de concellos.

2º.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

O Sr. Pose do BNG expón que temos a sorte de vivir neste país con dous idiomas oficiais, un deles en franco retroceso, que é o galego, e outro o castelán sen ningún tipo de problema.

Di ademais que esta moción simplemente é un toque de atención, e este país ten algo co que loitar nun sistema autonómico na que estamos todos competindo polos recursos e a nosa identidade, sen ela non temos nada que facer, e dende logo este é un mecanismo fantástico para ir pouco a pouco lapidando a identidade, por iso solicita de todos os grupos o apoio da moción presentada.

O Sr. Costa do PP expón que si están de acordo coa defensa do idioma como sinal de identidade, e que votaron a favor da urxencia porque entenden que os temas teñen que debaterse, sen embargo non van apoiar a moción, basicamente porque os acordos que se solicitan están garantidos, e no seu momento e por razóns de índole económico a Secretaria Xeral de Política Lingüística lle comunicou aos concellos os motivos da supresión das axudas e no que se está a traballar para garantir os citados acordos.

Di tamén que vai saír unha nova convocatoria que recollerá as actividades do ano 2011 que por razóns económicas imputaranse ao ano 2012, pero que van potenciar os servi-

zos de normalización lingüística, estando a punto de resolverse un concurso para a Rede de Dinamización, polo que votarán en contra da moción.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE di que durante o verán vense observando a supresión de distintas axudas destinadas aos concellos, unha delas destinada ao transporte de voluminosos, xestión do punto limpo; a redución de axudas para actividades culturais destinada a asociacións e concellos e agora esta supresión das axudas para a normalización lingüística.

Expón que pode entender o recorte nestes tempos complicados á espera desa nova orde que espera que se materialice e cumpra coas expectativas que os concellos teñen para este exercicio, pero por outra banda apróbase 1.000.000 de euros para divulgar o decreto do galego, por exemplo, co que non lle parece un uso racional dos recursos públicos, nin tampouco a viaxe de don Santiago Camba que se trasladou a Bos Aires en calidade de Secretario Xeral de Emigración, pero alí exerce como membro do PP, co cal non se está a facer un uso racional dos recursos públicos e non se está a dar prioridade o que é importante de cara aos concellos nin de cara á cidadanía.

Por todo o exposto e sumándose á defensa do idioma, di que o seu grupo vai apoiar a moción presentada polo BNG.

O Sr. Alvela de TEGA di que defende o idioma e por suposto tamén aos que usen o castelán, e que dende logo o galego vai persistir porque hoxe en día hai máis recursos (escola, xornais, televisión, ..etc) que cando el era cativo.

O Sr. Pose di que na actualidade xa non existe ningún xornal en galego porque tamén suprimiron ese tipo de axudas, e que non é cuestión do BNG senón de todos, xa que no sistema autonómico no que estamos as comunidades que levan as de gañar son as que teñen dereitos históricos e identidade

Posta a votación a citada moción rexístranse 6 votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG, 6 votos en contra do PP e 1 abstención de TEGA, rexeitándose a mesma nunha segunda votación co mesmo resultado e co voto de calidade da Presidencia.

8º.- Rogos e preguntas

-- A voceira do PSdeG-PSOE, dona Lucía González, formula os seguintes rogos e preguntas:

“Para o Grupo Municipal Socialista, hoxe é realmente o día no que damos por empezado o curso político. Teñen pasado máis de tres meses dende a súa toma de posesión, tempo que xulgamos suficiente para que o grupo de goberno puidera poñerse ao día nas súas respectivas áreas de xestión.

Ao mesmo tempo, hoxe tamén é o día no que podemos intervir no Pleno para expoñer a que ha de ser a nosa folla de ruta durante esta lexislatura, a falta dunha quenda de intervención no Pleno de Investidura que, seguramente pola emoción do momento e o descoñecemento, o Sr. Martínez esqueceu concederlle aos grupos da oposición.

Vimos dunha recente campaña electoral na que a nosa candidatura foi moi crítica co seu programa electoral ao consideralo inviable en máis dun 80%, sen ter en conta aquelas iniciativas que eran un mero continuísmo das políticas socialistas desenvolvidas ata o momento. Sr. Martínez, Sres, e Sras concelleiros/as do PP, adiantámoslles que o seu programa electoral vai ser a nosa folla de ruta para os vindeiros 4 anos, sen prexuízo de calquera outras cuestións

que vaian xurdindo, que xurdirán. Ímoslles esixir que cumbran co que prometeron a nivel individual e colectivo aos veciños e veciñas de Vedra.

Dito isto, procedo a formular os seguintes rogos :

Primeiro.- Dado que se estarán a elaborar xa os presupostos da Deputación Provincial da Coruña, rogamos fagan as xestións oportunas para que se teña en conta na previsión de 2012 a seguinte fase da estrada Vedra -Santa Lucía ou a da estrada A Gaiosa -Ponte de Sarandón, para as cales xa están elaborados os seus proxectos e a relación de propietarios. O ideal serían as dúas, claro, pero sabemos que isto non é viable, así que polo menos, que sexa unha das dúas.

Segundo.- Á súa vez, tamén se deben estar a elaborar os presupostos da Xunta de Galicia, polo que lles rogamos fagan as xestións oportunas para que se teña en conta na previsión de 2012 o inicio do Centro de Día, para o cal, como ben saberán xa, o anterior goberno socialista municipal acadou os terreos e fixo o proxecto da instalacións.

Terceiro.- Na sesión plenaria do día 17 de marzo de 2011, o Pleno, por unanimidade dos asistentes, acordou concederlle a medalla de prata ao mestre don Manuel Barcia Valiñas. Rogamos que esta condecoración se faga á maior brevidade

Cuarto.- Temos coñecemento de que as traballadoras do servizo de axuda no fogar lle trasladaron á Confederación Intersindical Galega (CIG), que as representa, queixas por incumprimento das condicións do contrato por parte da empresa SOCYSER, concesionaria do servizo, o que motivou a presentación dun escrito tanto na empresa como neste concello, no que se recollen os incumprimentos da legalidade vixente aos que se están vendo sometidas as traballadoras: atraso nos pagos, atraso no pagamento da quilometraxe, pouca transparencia no pago das nóminas, modificación unilateral de contratos, horas extras pendentes de pago, entre outras.

Ante isto rogámoslle ao Sr. Martínez, como responsable último da prestación do servizo de axuda no fogar, que lle esixa á empresa o cumprimento íntegro e puntual das condicións do contrato, porque as traballadoras queren e necesitan cobrar os seus salarios igual que quere e necesita vostede, supoño. Igualmente rogamos que inste á empresa a que evite calquera incumprimento laboral que poida dar lugar a unha mingua da calidade do servizo que presta aos veciños e veciñas de Vedra.

Así mesmo rogamos lle traslade ao funcionario encargado da Tesourería a recomendación de que cando un compañeiro ou compañeira traballadora solicite información acerca da súa nómina, pagos establecidos por quilometraxe, etc, faga o posible por facilitarlle acceso a esa información e non lle esixa prácticas burocráticas absurdas e pouco solidarias.

Quinto.- O pasado mércores 6 de xullo, ás 18:00 horas, tivo lugar no salón de actos do Centro da Terceira Idade unha charla informativa dunha empresa privada de Madrid que ofertaba, con escasa claridade e transparencia das condicións, cursos para obter postos de traballo fixos nas ofertas de emprego público.

Se ben o salón de actos do Centro Social está excluído do Regulamento de uso dos salóns de actos aprobado en pleno o 27 de marzo de 2008, que establece expresamente no seu artigo 10 a exclusión de actividades de venda directa, indirecta ou de promoción de artigos de consumo, consideramos este uso pouco axeitado e de nulo servizo público, polo que rogamos que no futuro se absteñan de permitir este tipo de usos nos locais sociais municipais.

Ademais formula as seguintes preguntas:

Primeira.- Na Xunta de Goberno de data 12 de xullo de 2011, dáse conta da resolución da Alcaldía de data 8 de xullo, pola que se acorda proceder ao arquivo do expediente tramitado para a reposición da legalidade urbanística por mor das obras executadas por dona

Carmen Carrillo López por executar obra de demolición parcial de vivenda sita en Rozadela - San Mamede sen a preceptiva licenza municipal.

Na acta da Xunta de Goberno de data 15 de setembro de 2011, dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 13 de setembro, pola que se incoa expediente de reposición da legalidade a dona Carmen Carrillo López por executar obra de demolición parcial de vivenda sita en Rozadela -San Mamede de Ribadulla, sen a preceptiva licenza municipal.

Á vista desta secuencia de Resolucións da Alcaldía, pregunto:

En que se baseou vostede para, primeiramente, archivar o expediente de reposición da legalidade?

Fixo vostede as oportunas comprobacións de que a legalidade fora repostada nos termos requiridos?

Contou a súa actuación co visto bo dos técnicos municipais de urbanismo?. Isto xa llo respondo eu: dubído moito.

Tal parece que se cegou ao ver un apelido que lle era familiar, Sr. Martínez. Pero tal parece que xa recuperou a visión e rectificou con outra resolución da Alcaldía na que lle volve abrir o expediente a dona Carmen Carrillo. Felicítamolo por isto, e poñemos no seu coñecemento que estaremos vixiantes a esta e outras actuacións deste tipo. Non quixeramos pensar que en tan pouquiño tempo que leva ao fronte do concello xa se fixo con distintas varas de medir.

Segunda.- Esta pregunta vai dirixida á concelleira delegada de Medio Ambiente, dona Margarita Devesa, quen seguramente nos poderá responder neste pleno, dando o recente do caso.

O día 19 de agosto deste ano, o Grupo Municipal Socialista presentou no Rexistro Xeral un escrito denunciando a existencia dun vertedoiro ilegal nunha finca de monte situada en Neira de Abaixo, San Mamede, e que pertence á área de protección da Rede Natura.

Ao día de hoxe boa parte do escombros está sen retirar. Fixéronlle seguimento ao escombros retirado?. Onde e como se verteu?. Rogamos se retiren os materiais na súa totalidade.

Terceira.- Igualmente, quixera dirixirlle esta pregunta á concelleira de Medio Ambiente, por corresponder á súa área de xestión

Á vista da recente agresión medioambiental acaecida na Rede Natura e tendo en conta que se está a elaborar o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia: Cales son as novidades deste novo Plan Director no que respecta á área de protección da Rede Natura no corredor Ulla -Deza ao seu paso polo concello de Vedra?. Ten previsto o seu departamento informar aos veciños e veciñas propietarias de parcelas en Rede Natura dos usos permitidos e prohibidos?

--O Sr. Pose do BNG súmase a proposta de seguir o programa electoral do PP, e rógalle que saquen o tema de servizos sociais do debate, déixense de ocorrencias e fagan unha proposta seria que recolla todo o que ten que recoller , e debatámola entre os tres grupos da corporación.

O Sr. Alvela de TEGA solicita aclaración das facturas nº 5/2011 e 7/2011 sobre da redacción do plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla polo mesmo importe , e sobre da factura aprobada na Xunta de Goberno do 26/07/2011 pola xestión do servizo de saneamento e abastecemento por importe de 44.590,83 euros

8º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece unha quenda de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

Intervén don Inocencio Álvarez, en calidade de Presidente da AA.VV de Santa Cruz, e maniféstalle ao equipo de goberno o rumor xeneralizado do recorte dos alumeados públicos co que non está de acordo, porque en primeiro lugar durante a campaña electoral prometeron manter e mellorar os servizos , en segundo lugar porque supón unha vantaxe para os delinquentes e en terceiro lugar é unha medida antipopular, xa que se efectivamente se aforra entende que os veciños débeselle dar algo a cambio, e poderíaselle engadir aos 50.000-60.000 euros que se aforraran outros 15.000 euros que se poderían aforrar en asistencias aos plenos, xuntas de goberno,...etc

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.